| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprender minimamente na súa globalidade un texto escrito. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Saber apreciar minimamente no seu conxunto a calidade dun texto. | | |
| CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | Clasificar as obras nos diferentes xéneros e coñecer as súas características esenciais. | | |
| CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Saber relacionar minimamente o que se le coas vivencias persoais. | | |
| CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Intentar crear textos cunha mínima vocación literaria. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Procurar crear texto cada vez máis ricos e elaborados. | | |
| CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Procurar aplicar a revisión lingüística aos propios textos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Elaborar textos que cumpran minimamente as propiedades textuais. | | |
| CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | Identificar os prexuízos lingüísticos e evitar o seu uso. | TI | 42 |
| CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Elaborar textos orais e escritos cunha mínima calidade. | | |
| CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprender textos escritos básicos. | | |
| CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Observar unha evolución no criterio lector. | | |
| CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual. | Manexar información de diferentes fontes fiables. | | |
| CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas. | Saber explicar minimamente a partir das propias deducións como funciona a lingua. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Iniciación á reflexión interlingüística.<br>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. |

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.<br>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da pa-labra e dos usos manipuladores da linguaxe.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.<br>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.<br>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.<br>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector<br>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.<br>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.<br>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. |

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.<br>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.<br>- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.<br>- Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.<br>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para o desenvolvemento desta materia combina ou uso dun libro de texto e ferramentas TIC. O libro está actualizado e ofrécenos moito material para traballar a lingua e a literatura dunha forma activa e aplicando recursos dixitais. Por outra banda, no noso centro faise un uso diario da Aula Virtual, tanto para comunicármonos co alumnado como para utilizar varios dos seus recursos tecnolóxicos (cuestionarios, subida de material, incorporación de fotos, enderezos de dicionarios ou música etc.).

Ao longo do curso, procurarase utilizar unha metodoloxía variada para favorecer a diversidade de aprendizaxe que hai sempre en calquera aula. Utilizaranse actividades de motivación antes do inicio de calquera tema, faránselle preguntas a alumnado para facelo reflexionar sobre determinados contidos e activar os seus coñecementos previos para logo abordar a explicación/aclaración/conclusión do tema. Deste xeito, o alumnado relaciona o que xa sabe co novo contido que debe de incorporar e deixa de ver o ensino coma unha abstracción á marxe da súa vida.

O primeiro mes utilizarase para ensinar técnicas de estudo básicas como son o esquema e o resumo, recursos esenciais para calquera nivel ou etapa de estudo, mais que o alumnado é remiso a empregar. Debemos fomentar esta metodoloxía para evitarmos o estudo memorístico e repetitivo sen comprender o sentido da aprendizaxe.

Á hora de abordar os contidos, empregarase tanto o método dedutivo como o indutivo, mais tenderase a aplicación deste dado que resulta máis eficaz para unha aprendizaxe útil e prolongada. Neste senso, o noso lema é o seguinte: o que se escoita esquécese, o que se ve lémbrase e o que se fai apréndese.

Outro apartado relevante é a forma de traballar o alumnado. Dado que na súa casa xa realiza un traballo basicamente individual, na aula, procurarase fomentar o traballo en parellas e en grupos porque consideramos que é esencial que aprendan de forma colaborativa, observando as dificultades que isto entraña, e aprendendo a resolver os problemas que poidan xurdir, e reproducindo, en certa medida, o seu futuro laboral e a súa vida en sociedade. Os

traballos de exposición e de busca de información son algúns dos instrumentos empregados para acadar ese obxectivo.

Nesa liña de fuxir da visión do noso alumnado como un grupo homoxéneo que aprende ao unísono, está tanto o intento reforzar o traballo do que ten máis dificultades ou está desmotivado como o de incentivar a quen supere as capacidades da media e poida desconectar na aula por tedio. Para evitarmos isto, proveráselles na aula de materias axeitados ou habilitarase na Aula Virtual espazos para achegar ese material de reforzo e ampliación.

O fomento da lectura comprensiva é fundamental, para iso leranse e analizaranse textos na aula. Ademais, o alumnado terá que ler un libro de literatura por trimestre; tamén pode facer outras lecturas optativas que tamén sumarán na avaliación. Nesta, procurarase evitar os comentarios e as notas que desanimen a ler, polo contra, intentarse subliñar os logros individuais (ser quen de ler un libro enteiro; capacidade para facer unha lectura crítica; mellora na captación dos temas etc.).

Tampouco podemos esquecer o fomento da parte creativa do alumnado, máis cando nesta materia hai que estudar contidos literarios; neste senso, procurase fuxir dos exercicios repetivos e incentivar a creación de textos orixinais e creativos onde se poida plasmar tanto o dominio lingüístico coma as inquedanzas literarias.

A lingua galega segue a vivir rodeada de prexuízos e nunha forte diglosia, de aí que a nosa disciplina teña unha dificultade engadida que non sofren as outras; por tanto, hai que traballar especificamente o estímulo, o engado, a atracción... que faremos utilizando diferentes estratexias, entre as que están a música e o uso de textos que aborden temas actuais e relacionados cos intereses do noso alumnado, que, por outra banda, adoitan ser transversais e permiten dar unha visión integradora do estudo.

Do mesmo xeito que se intenta abordar os contidos dunha forma relativamente individualizada, xa que cada persoa non aprende igual, tamén se intentará avaliar dun feito semellante, por iso se combinan exames escritos de desenvolvemento con outros de tipo test; avaliación da oralidade na aula (soltura na lectura; comprensión lectora; capacidade de dialogar, argumentar etc). Ademais, non se enfocará a aprendizaxe exclusivamente para superar uns exames, por esta razón, inciderase máis "no que se aprende" e menos "na nota ". Deste xeito, intentaremos ver o exame como un instrumento e non como unha meta.

Ao longo do curso, realizaranse pequenos proxectos didácticos que se farán visibles nas aulas, nos corredores e na revista do centro. Ademais, intentarase desenvolver algún proxecto interdisciplinario onde interveñan outras materias. Este estase a deseñar con outros departamentos e relacionado cunha saída do centro.

Nun intento por dar voz e coñecermos mellor o noso alumnado, pasaráselle como mínimo dúas enquisas. Na primeira, ao principio de curso, onde achegan información relevante de forma individual: materias preferidas, tempo de estudo, uso do móbil, afeccións, calidades que estiman do profesorado etc. A segunda enquisa realizarana ao final de curso; nela darán a opinión do desenvolvemento do curso en todos os aspectos: interese dos contidos, temporización, actividades realizadas, virtudes e defectos da docente etc. Estas actividades tan sinxelas achegan datos moi interesantes tanto para coñecer o noso alumnado como para corrixir ou incidir nalgunhas prácticas de traballo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto e libros de lectura; equipo informático da aula (ordenador e proxector); aula virtual; biblioteca; materiais elaborados pola docente (apuntamentos, actividades, xogos, presentacións...); recursos da rede (dicionarios, vídeos, música etc.). |

O alumnado combinará o uso do libro do texto con outros materiais elaborados pola docente ou da rede. Farase un uso cotián das TIC na aula, xa que se terá aberto no proxector sempre algún dicionario e se exemplificará o tratado na clase con reportaxes, imaxes, música...
A lectura e a expresión da creatividade pódense fomentar especificamente co uso da biblioteca do centro e a da localidade.

A Aula Virtual permitirá facer o seguimento da materia aínda que o alumnado falte algún día a clase porque nela danse as directrices de traballo diario.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de curso, faranse unha serie de probas orais e escritas para valorar o nivel do alumnado: destrezas de uso da lingua na oralidade e na escrita, interacción na aula, prexuízos lingüísticos, nivel de contidos básicos, madurez etc.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **Total** |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **30** | **30** | **40** | **100** |
| **Proba escrita** | 54 | 58 | 58 | **57** |
| **Táboa de indicadores** | 46 | 42 | 42 | **43** |

**Criterios de cualificación:**

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Unidade 1:
-Procedemento: tarefas, actividades e creación de textos relacionados cos contidos estudados e coas lecturas; exposición oral sobre un tema transversal; valoración do traballo cotián e dos usos orais.

-Instrumentos: proba escrita, táboa de indicadores, rúbricas de oralidade, rúbricas de tarefas, rúbricas de caderno.

-Peso: 100%

Unidade 2:
-Procedemento: tarefas, actividades e creación de textos relacionados cos contidos estudados e coas lecturas; exposición oral sobre un tema transversal; valoración do traballo cotián e dos usos orais.

-Instrumentos: proba escrita, táboa de indicadores, rúbricas de oralidade, rúbricas de traballos, rúbricas de caderno.

-Peso: 100%

Unidade 3:
-Procedemento: tarefas, actividades e creación de textos relacionados cos contidos estudados e coas lecturas; exposición oral sobre un tema transversal; valoración do traballo cotián dos usos orais.

-Instrumentos: proba escrita, táboa de indicadores, rúbricas de oralidade, rúbricas de traballo, rúbricas de caderno.

-Peso: 100%

ADAPTACIÓNS DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO DO AGRUPAMENTO FLEXÍBEL
Para o alumnado do agrupamento flexíbel estableceranse as seguintes medidas:

- O alumnado terá con suficiente antelación toda a información necesaria sobre o modelo de exame, a súa estrutura, a forma de complementalo, etc. Evitarase que o alumnado teña nun mesmo día varios exames doutras materias.
- Na medida do posíbel, usarase a avaliación oral como complemento da escrita, pois o traslado da información mediante exames escritos posibelmente non reflicta totalmente a súa competencia curricular. No entanto, a proba escrita será esencial para unha correcta diagnose e avaliación da súa CCL e das destrezas lingüísticas en lingua galega.
- Nos exames escritos, evitaranse de entrada preguntas que requiran unha resposta moi elaborada, tentando que as redaccións sexan progresivamente máis extensas, non penalizando en exceso os erros ortográficos, aínda que remarcando a importancia de non cometelos.
- En determinadas ocasións, despois da realización dalgún exame, darase a posibilidade de que o alumnado explique oralmente o que querían escribir traballando a progresiva autonomía na aplicación da adecuación, da coherencia, da cohesión e da gramaticalidade ás súas producións escritas e orais.
- Poderanse establecer traballos de tipo colaborativo, onde mediante unha avaliación grupal veranse as fortalezas do alumnado.
- -Programaranse actividades coas cales se poida avaliar o traballo do día a día, o esforzo, etc. Para esta avaliación o caderno de clase será un instrumento moi útil de recollida de información avaliábel mediante observación directa (rever se está completo, se se corrixen as tarefas, organización e estrutura...).
- O tempo para a realización de tarefas avaliábeis ou de exames será flexíbel, adaptándose ás características do alumnado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
A cualificación de cada unha das avaliacións do curso será a seguinte:
-70% de probas (escritas e/ou orais)
-10% contidos de lecturas
-10% producións trimestrais (escritas ou orais)
-10% traballo cotián (actividades no caderno, tarefas específicas).

A cualificación final da materia resulta da suma da nota das avaliacións segundo a seguinte proporción:
-1ª avaliación: 30%
-2ª avaliación: 30%
-3ª avaliación: 40%

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior a partir dun decimal superior a 0.5, sempre e cando o/a alumno/a acadase un 5.

Caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que están programadas para algunha avaliación, modificarase a forma de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar o curso non se impartise algunha unidade, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas.

**Criterios de recuperación:**

Para esta materia aplicarase a avaliación continua, por tanto, no caso de non superala nunha determinada avaliación, o alumnado poderá facelo na seguinte. Non obstante, cando a nota dunha avaliación sexa moi baixa (igual ou menos de 3), o alumnado terá que realizar unha proba escrita de recuperación antes de fin de curso (xuño).
A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das tres avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da Programación.
A avaliación final ordinaria será do seguinte xeito: (30xnota 1ªavaliación+30x nota 2ª avaliación+ 40x nota 3ª avaliación) /100.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Durante o mes de outubro, e logo da avaliación inicial, o alumnado que teña esta materia pendente recibirá por escrito un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. A xefatura do departamento didáctico ao que pertence a materia velará pola realización do plan.

O plan de reforzo incluirá, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia pendente.
c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
g) Seguimento e avaliación.
h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo, realizaremos unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Tamén se aproveitará a enquisa que se pasa ao inicio do curso para recadar datos concretos e individuais do noso alumnado.
Ademais, terase en conta toda a información ofrecída pola persoa titora e polo Departamento de Orientación sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder dos seguintes documentos:

- Informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir destes datos, poderanse establecer, se procede, medidas de atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran etc.

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconcepto do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividade etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Tratamento e fomento da lectura | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.4 - Fomento da convivencia no centro | X | X | X |
| ET.5 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X |

**Observacións:**

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA. Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora.
EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA. Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado.
COMPETENCIA DIXITAL. Na materia fomentarase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.
FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO. A través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES. Desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...).
IGUALDADE DE XÉNERO. Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora.
FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO. Respectarase o establecido no Proxecto Lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega e a superación de prexuízos.
EDUCACIÓN PARA A SOSTIBILIDADE E O CONSUMO RESPONSABLE. Intentarase contribuír a crear un mundo máis sostible co fomento dun consumo máis consciente e responsable.
CREATIVIDADE. A materia debe servir para formar persoas ricas en orixinalidade, flexibilidade, visión, iniciativa etc.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Encontro con autoras/es | Visita de autor ou autora motivo de lecturas ou doutro/a disponible. | X | | |
| Obradoiro de poesía | Taller con creadora ou creador dentro das propostas da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega. | | X | |
| Saída didáctica na comarca | O alumnado poderá ter unha visita aproveitará para coñecer mellor a Ribeira Sacra e o seu patrimonio cultural, literario e lingüístico. | | | X |

**Observacións:**

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das tres por curso, unha por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A selección e temporalización de contidos foi a axeitada. |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros. |
| Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións. |
| O que estivo ben foi. |
| O que estivo mal foi. |
| Propostas de mellora. |
| Metodoloxía empregada |
| As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Os recursos e materiais utilizados foron axeitados. |
| Medidas de atención á diversidade |
| As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender as necesidades do alumnado. |
| Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia. |
| Clima de traballo na aula |
| O ambiente da clase foi axeitado e produtivo. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación. |
| Existiu coordinación entre o profesorado do departamento. |

**Descrición:**

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estás táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

Ao final de curso, pasaráselle unha enquisa ao alumnado na que valorarán todos os parámetros docentes: aprendizaxe acadado, metodoloxía, erros/acertos da docencia etc.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grao de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión o seguimento da programación didáctica.

Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da programación da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
D.- Motivos das modificacións feitas.
E.- Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.
F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

## 9. Outros apartados